

## j) CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O marco normativo que tomaremos como referencia será:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Real Decreto 984/2021 do 16 de novembro polo que se regula a avaliación e promoción na educación primaria.

- Decreto 95/2022 do 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria.

- Orde do 2 de marzo de 2021 coas precisións recollidas na Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua e global** e *terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias*. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes **MODALIDADES**:

- **Avaliación inicial.**

Ademais da información recibida obtida no expediente escolar, a persoa titora aplicaralle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinara o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e o equipo docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e a súa adecuación ás súas características e ao seu nivel de coñecementos.

Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade recollidas no plan correspondente a aqueles alumnos e alumnas que o precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

- **Avaliación continua.**

A avaliación continua será realizada polo equipo docente de cada área e será coordinada pola persoa titora.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo-abril, e a última no mes de xuño.

Acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, transmitirase a cada alumno/a e á súa familia ou aos seus titores legais.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- **Avaliación final.**

Ao termo do curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E, ao finalizar o curso, o

equipo docente, tendo en conta os mínimos esixibles que figuran na correspondente programación do curso, e informados o pai,a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte curso.

No caso de ter que avaliar alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE),a persoa titora, co asesoramento do Departamento de Orientación e do profesorado de apoio,aplicará os criterios de avaliación que fosen establecidos nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias clave.

## **PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN**

❖ **Avaliación inicial** (para establecer o punto de partida do alumnado),atendendo a:

- Lectura: capacidade lectora, detección de defectos, atención á produción de sons,comprensión básica.
- Escritura: caligrafía, ortografía básica. Detección de erros e malos hábitos.
- Fala: expresión adecuada de ideas, sucesos, etc; respecto de normas básicas, defectos de dicción coloquial, vocabulario, interferencias lingüísticas.
- Creación textual: extensión, exposición lóxica, pausas, repeticións, tema principal.
- Coñecementos metalingüísticos: clases de palabras, normas básicas,usos de pausas,vocabulario,manexo dun dicionario.

❖ **Avaliación continua** (ao longo do curso, distribuída en tres avaliacións. As datas figuran na PXA).

- Por observación: comprensión, capacidade de traballo, presentación e ordenación.
- Probas escritas e orais.
- Exames: probas obxectivas específicas de cada tema ou unidade didáctica, para cada unha das áreas.
- Fichas: relativas a algún contido específico que deba ser reforzado o afianzado.
- Ficha de seguimento do/a alumno/a.

- Memorización de certos contidos.
- Valoración da creatividade/ orixinalidade nas producións propias.
- Limpeza e ordenación no traballo.
- Caderno de traballo individual.
- Valoración de pequenos proxectos e investigacións desenvolvidos na aula.

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Observación continua do traballo diario tanto oral como escrito.
- Realización de probas específicas de cada tema.
- Avaliación continua no traballo diario (cadernos de traballo, fichas).
- Elaboración de mapas conceptuais, esquemas...
- Elaboración de pequenos traballos de investigación.
- Limpeza e ordenación do traballo. Participación, interese e motivación.
- Producións plásticas.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os procedementos e instrumentos que se mencionan no apartado anterior teñen como obxectivo determinar:

- Grao de adquisición das competencias, conforme aos niveis de logro alí establecidos.
- Nivel acadado nos obxectivos mínimos marcados nas concrecións para cada estándar educativo.
- Grao de aceptación e participación do alumnado nas actividades propostas.
- Actitude e interese nas actividades desenvolvidas (coidado dos materiais, creatividade, limpeza no traballo).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS	PORCENTAJE
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas.</li> <li>• Valoración da aprendizaxe dos contidos.</li> <li>• Valoración dos procesos seguidos e resultados.</li> <li>• Coherencia e adecuación.</li> <li>• Valoración tempo invertido/ tempo necesario para resolver unha actividade.</li> <li>• Limpeza e estrutura do traballo presentado.</li> <li>• Caligrafía lexible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de probas orais e/ou escritas ao remate de cada unidade.</li> <li>• Rúbricas</li> <li>• Proxectos</li> </ul>	50,00%
<p><b>Traballo na aula</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización axeitada do traballo.</li> <li>• Organización dos materiais.</li> <li>• Presentación do caderno: orde e limpeza.</li> <li>• Realización sen axuda externa.</li> <li>• Caligrafía.</li> <li>• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.</li> <li>• Creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno.</li> <li>• Rexistro de actividades de clase.</li> <li>• Corrección de actividades.</li> <li>• Organización dos materiais.</li> </ul>	30,00%
<p>Valoración da <b>actitude na aula e no centro</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Interese</li> <li>• escoita</li> <li>• Participación</li> <li>• Esforzo</li> <li>• Colaboración</li> <li>• Normas de convivencia</li> <li>• Respecto</li> <li>• Educación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistro de participación.</li> <li>• Rexistro de actividade na aula.</li> <li>• Rexistro de incidencias.</li> </ul>	20,00%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4 .
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

Ao finalizar cada un dos cursos pares, 2º, 4º e 6º de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión axeitada nos obxectivos da etapa e que alcanzou de forma axeitada o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Na Orde do 9 de xuño de 2016, modificada pola orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os criterios de promoción das diferentes etapas educativas.

Ao finalizar cada un dos ciclos (2º, 4º e 6º de educación primaria), e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Establécese que o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar cada etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

## **DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os documentos oficiais de avaliación, así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación, axustaranse ao previsto, para a educación primaria, no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que se terán en conta as seguintes consideracións:

- a) As actas de avaliación dos diferentes cursos de educación primaria e secundaria obrigatoria pecharanse ao termo do período lectivo ordinario.
- b) Igualmente, no historial académico de educación primaria e educación secundaria obrigatoria consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso, sen distinción de convocatorias
- c) As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:
  - RE: reforzo educativo.
  - ACS: adaptación curricular.
  - EC: enriquecemento curricular.
  - AF: agrupamento flexible.

## **k) CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS, DE SER O CASO**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do sexto curso, obtivesen unha nota media do sexto curso igual ou superior a nove puntos e medio poderán ser propostas ou propostos para recibir unha mención honorífica. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no sexto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado en sexto curso de educación primaria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha única mención honorífica.

A obtención dunha mención honorífica será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

O alumnado de NEAE, logo da avaliación final de sexto curso, que amosase unha actitude de esforzo, traballo, responsabilidade, interese, colaboración, participación e respecto das normas de convivencia outorgaráselle o premio de excelencia educativa.